



# Nacionalismo galego

**Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)**

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

**ADVERTIMENT.** La consulta d'aquesta tesi queda condicionada a l'acceptació de les següents condicions d'ús: La difusió d'aquesta tesi per mitjà del servei TDX ([www.tdx.cat](http://www.tdx.cat)) i a través del Dipòsit Digital de la UB ([deposit.ub.edu](http://deposit.ub.edu)) ha estat autoritzada pels titulars dels drets de propietat intel·lectual únicament per a usos privats emmarcats en activitats d'investigació i docència. No s'autoritza la seva reproducció amb finalitats de lucre ni la seva difusió i posada a disposició des d'un lloc aliè al servei TDX ni al Dipòsit Digital de la UB. No s'autoritza la presentació del seu contingut en una finestra o marc aliè a TDX o al Dipòsit Digital de la UB (framing). Aquesta reserva de drets afecta tant al resum de presentació de la tesi com als seus continguts. En la utilització o cita de parts de la tesi és obligat indicar el nom de la persona autora.

**ADVERTENCIA.** La consulta de esta tesis queda condicionada a la aceptación de las siguientes condiciones de uso: La difusión de esta tesis por medio del servicio TDR ([www.tdx.cat](http://www.tdx.cat)) y a través del Repositorio Digital de la UB ([deposit.ub.edu](http://deposit.ub.edu)) ha sido autorizada por los titulares de los derechos de propiedad intelectual únicamente para usos privados enmarcados en actividades de investigación y docencia. No se autoriza su reproducción con finalidades de lucro ni su difusión y puesta a disposición desde un sitio ajeno al servicio TDR o al Repositorio Digital de la UB. No se autoriza la presentación de su contenido en una ventana o marco ajeno a TDR o al Repositorio Digital de la UB (framing). Esta reserva de derechos afecta tanto al resumen de presentación de la tesis como a sus contenidos. En la utilización o cita de partes de la tesis es obligado indicar el nombre de la persona autora.

**WARNING.** On having consulted this thesis you're accepting the following use conditions: Spreading this thesis by the TDX ([www.tdx.cat](http://www.tdx.cat)) service and by the UB Digital Repository ([deposit.ub.edu](http://deposit.ub.edu)) has been authorized by the titular of the intellectual property rights only for private uses placed in investigation and teaching activities. Reproduction with lucrative aims is not authorized nor its spreading and availability from a site foreign to the TDX service or to the UB Digital Repository. Introducing its content in a window or frame foreign to the TDX service or to the UB Digital Repository is not authorized (framing). Those rights affect to the presentation summary of the thesis as well as to its contents. In the using or citation of parts of the thesis it's obliged to indicate the name of the author.



## **Nacionalismo galego.**

**Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975).**

---

**Uxío-Breogán Diéguez Cequiel**

Director: Jordi Casassas i Ymbert  
Catedrático de Historia Contemporánea  
Universitat de Barcelona

DEPARTAMENT D'HISTÒRIA CONTEMPORÀNIA  
FACULTAT DE GEOGRAFIA I HISTÒRIA

**UNIVERSITAT DE BARCELONA**  
**2013/2014**

## **IIº ANEXO:**

### **Documentos, acrónimos, publicacións, fondos e fontes consultadas<sup>1</sup>**

---

<sup>1</sup> Todos os documentos achegados presentan unha transcripción fiel ao orixinal, respectándose negriñas, maiúsculas e outras características propias daqueles. Entre corchetes aparecen aquelas letras, nomes ou referencias omitidas no orixinal. A procedencia dos documentos, de non se explicitar, deriva do arquivo do autor a partir de doazóns de terceiros, na maior parte dos casos.

IRMANDADE GALEGA<sup>2</sup>

Belgrano 2186  
BUENOS AIRES

MEMORIA DO PRIMEIRO AXERCICIO  
CORRESPONDENTE AO ANO 1942

Estimados consocios:

Pasamos n-ista Memoria a reseñar, en forma sucinta, a labor da X.D.. dende que se fixo carrego ao 31 de Nadal derradeiro. Non nos deteremos en detalles minusculos relacioados c-a constitución da X.D. i-a distribución de carregos pra entrar de cheo a numerar os asuntos que foron principal preocupación d-ista X.D.

Constituida a nosa Irmandade pra unificar os distintos nucleos galeguistas de Bs. Aires forzosamente tiña que ser principal preocupación a de facer posibel a colaboración de persoas de todolos seidores e matices que arelasen unha vida ceibe pra Nazón Galega. Así o noso Presidente irmao Alonso Rios adicouse, c-o segredario, a tarefa de entrevistar persoelmente a unha serie de galeguistas pra esporles a necesidade d'unha colaboración activa. A pesares de transcurrir mais d-un ano ainda non finalizou ista laboura n-a que o noso presidente está empeñado con insistencia patriótica.- Desde logo e iste un asunto que xuzgamos de capital importancia e por iso foi preciso o maior tacto n-a xestión. Xa se lograron valiosas adhesiós e prosiguese xestionando outras.-

---

<sup>2</sup> A partir de fotocopia facilitada amavelmente polo historiador Xosé Manoel Núñez Seixas no ano 2003. Fondo histórico da bonaerense *Federación de Sociedade Galega da Arxentina*.

### Colaboración c-o Centro Ourensano

Como maneira de coordinar unha labor cultural que redundase en prestixio da nosa Nazón o primeiro que ista X.D. fixo foi, d-acordo c-o Centro Ourensano, constituir unha comisión mixta que, c-o nombre de COMISION CULTURAL GALEGA foi a encarregada de lavar a cabo todo o que tivo relación con actos culturais, orgaización do Coro etc.-

Non somentes a colaboración c-o Centro Ourensano se reduxo ao aspecto que deixamos citado, senón que en todal-as cousas encontramos n-as suas autoridades a meirande comprensión e vontade pra nosa entidade..-

### Conmemoración Do Marteiro De Pardo De Cela

O 17 de nadal de 1941 tivo lugar o primeiro acto da nosa Irmandade. En colaboración c-o C. Ourensano orgaizouse a conmemoración do marteiro de Prado de Cela c-unha conferencia do irmao Alonso Rios, e c-unha acotación final do noso Castelao. N-aquil acto Alonso Rios fixou a liña que corresponde seguir aos nazionalistas Galegos; e ista comisión, que suscribe integralmente canto ali eispuxo a noso presidente fixo imprimir a dita conferencia e repartiuna profusamente n-a nosa colectividade e n-outros países d-America.-

### Conferencias

Duas conferencias foron pronunciadas, por Eduardo Blanco Amor Unha, e outra pol-o o noso Castelao. Ambas foron glosados n-o numero derradeiro de A NOSA TERRA, e por isa razon prescindimos d-outros detalles.-

### Dia D-os mártires Galegos

Por indicación do noso Presidente foi instituido o dia dos mártires Galegos o 20 d-agosto data en que foi asesiñado o gran Alexandre Bóveda. Iste ano pasado honraron a memoria do noso protomartir as sociedades da provincia de Ourense. A nosa Irmandade tomou parte activa no funeral cívico orgaizado, do que non abundamos en detalles por seren coñecidos de todos, pol-a publicidade dada n-aquela oportunidade.-

### Eisposición D-arte Galego

O dia de Galicia derradeiro inaugurouse, sempre en colaboración c-o C. Ourensano, a eisposición d-arte galego. Temen e ben coñecido o eisito tido por ista mostra. Pol-a nosa parte cosíñamos compracidos, a participación de varios irmandiños como Luis Seoane, Luis Villaverde i-o irmao Castelao.-

### Galeuzca

O pacto de nazonalistas galegos, vascos e catalás que fora firmado en Barcelona o ano 1923 e que de feito funciona en donde haxa residentes d-as tres naciós, tomou novo impulso eiqui en Buenos Aires c-ca presencia de ilustres persoalidades. A nosa Irmandade prestoulle colaboración activa en representación de Galicia, especialmente n-o acto orgaizado en outono derradeiro pra dar coñecer o floklore d-as tres naciós.-

### “A Nosa Terra”

O periódico que tod-a vida foi orgao d-os galeguistas reeditouse pol-a nosa entidade novamente, aparecendo tres números: un conmemorando a data do plebiscito, outro o Dia de Galicia i-outro o dia d-os Márt(ires)-----do pais e de varios países d'America. -----os medios de que apareza regularmente.

### Recepción ao Presidente de Euzcadi

Con motivo d-o paso por iste pais d-o Presidente de Euzcadi, Dr. J.A. de Aguirre ofrecemoslle unha recepción en nome d-os nazonalista galegos consistente nun Viño de Honor. Previamente, sempre a noso requerimento, o Presidente de Euzcadi visitou o Centro Galego, pro que as autoridades da nosa primeira institución deron tadal-as facilidades. Demais esta repitir que foi iste un acto brillantísimo e de gran significación política e patriótica.-

## Relacions

Ista comisión puxose en contacto inmediatamente de constituida c-os galeguistas do interior i-esterior. En Montevideo, cuya irmandade non funcinaba mais que en forma precaria foi reorgaizada a noso requerimento. En Rosario funciona tamen a Irmandade Curros Enriquez que realiza unha brillante laboura. En La Plata constituiuse a Asociación de Galicia que preside o irmao Nuñez Bua, que xa leva desenrolado unha facunda labor de difusión do noso ideario. En Mendoza hay un pequeño nucleo que figurán os seus compoñentes adheridos directamente a nosa entidade, hasta que o numero permita constituir ali unha Irmandade. Delegados de todas istas entidades concurriron a unha conferencia de galeguistas realizano mes d-agosto derradeiro, en oportunidade de homaxe a Boveda. Sobor do tratado informaremos ampiamente na asambrea.-

## Banquete en Homaxe Ao Poeta Galego A. Zapata Garcia

Con motivo de haber outido iste patriota galego o primeiro premio no concurso pra consagrar o himno a Stalingrado a nosa entidade ofranceulle un banquete que foi todo un eisito. Ademais c-o producto d-ise banquete formarase un fondo destiñado a edición dún libro cós seus versos.-

Así en forma resumida queda eisposta a laboura d-ista comisión.- Esperamos que ha de merecer a voso aprobación.-

## CONVOCATORIA A ASAMBRA XERAL

Pol-a presente convocamos a todol-so irmaos asociados a Asamblea Xeral Ordinaria pro dia 30 do corrente 21e 30 hs. No noso local, pra tratar a seguinte .

### ORDEN DO DIA

- 1º)- Considerazón da acta da asambrea de fundazón.
- 2º)- Considerazón da memoria do derradeiro ejercicio.
- 3º)- Lectura e considerazón do movimiento de contas presentado pol-o irmao teseureiro.
- 4º) - Elección de X.D. pro periodo 1943.
- 5º)- Outros asuntos.

Esperando a concurrencia de todol-os irmandiños saudamolos muy atte.-

J.B. ABRAIRA

Segredario

ALOSO RIOS

Presidente

IRMANDADE GALEGA

RESUMEN DEL MOVIMIENTO DE “CAJA” HABIDO EN EL AÑO 1942

SALDO ANTERIOR ..... \$ 40,8

INGRESOS:

Cuotas de asociados.....	\$ 1.229,00
Anuncios periódico “A NOSA TERRA”.....	” 218,00
Beneficio cena en honor de los delegados a la conferencia galleguista.....	” <u>50,00</u> “ <u>1.497,0</u>
	\$ 1.537,8

EGRESOS:

Comisión de cobranza .....	\$ 184,35
Gastos de imprenta .....	” 326,50
Utiles de escritorio, etc. ....	” 27,10
Pérdida festival “GALEUZCA” .....	” 145,75
Estampillas de correo .....	” 54,05
Homenajes .....	” 81,90
Honorarios Director Coro .....	” 100,00
Conmemoración aniversario Pardo de Cela .....	” 33,60
Periódico “A NOSA TERRA” (3 números) .....	” 439,80
Fotografías .....	” 28,00
Cablegramas .....	” 14,20
Gastos varios .....	” <u>15,50</u> \$ 1450,7

SALDO EN “CAJA” AL 31 DE DICIEMBRE DE 1942 ” ..... ” 87,1  
\$ 1537,8

Tesorero

Presidente

Revisadores de cuentas

## **IRMANDADE GALEGA<sup>3</sup>**

### **LABOURA**

N-ista primeira edición d-a NOSA TERRA que reaparece en Bós Aires baixo os auspicios da Irmandade Galega, é oportuno dar, xiquera sexa dun xeito escueto, unha referencia da creación e das aitividades da nosa Irmandade.

---

### **Constituzón:**

Arredados da ‘Casa de Galicia’ os núcreos integrantes do Grupo Galeguista e da Agrupación Artística e Cultural ‘Ultreya’, por discrepanzas na interpretación do pacto de fusión que por acatamento as disposicións legais país se lle tiña feito coa dita entidade, resolveuse aceitar o garmoso ofrecemento do ‘Centro Orensano de Bós Aires’ de proporcionar xenerosa e desinteresadamente segredaría para o funcionamento d-unha irmandade galega de caraiter cultural e patriótico.

N-unha moi concurrida e afervoada asamblea celebrada o día 13 de Nadal do 1941, ficou definitivamente constituída a Irmandade Galega, aprobadas as suas bases i-elexido o seu primeiro Consello Directivo.

### **Laboura feita:**

As primeiras aitividades do Consello estiveron enfiadas a organización interna de segredariados, comisións, etc., da Irmandade i-a dotal-a dunha masa de socios. Nun e n-outro senso fixo traballo concenzudo e proveitoso.

Logo púxose ao desenrollo do pran de aición pública que se trazou, a saber:

Concordou co Centro Orensano na formación d-unha Comisión Cultural integrada con membros d-ambas entidades baixo a presidencia de da esgrevia figura de Galiza, Alfonso R. Castelao, comisión que xa dispuxo a creación d-un Coro baixo a dirección do prestixioso mestre Rodolfo Kubicg; a organización d-un ciclo de conferencias de outa cultura galega que tivo comenzo na noite d-onde coa disertazón de Eduardo Blanco Amor, arredor do tema: “Sobre la más

---

<sup>3</sup> “Irmandade Galega” in *A Nosa Terra*, 28/06/1942, p.2

remota lírica de Occidente”, “Estética de los Cancioneros Gallegos”, i-a organización d-unha exposizón de Estampas de Artistas Galegos, cuxa inauguración se fará o “Día de Galiza”, 25 de Xulio próximo nos Salóns do ‘Centro Orensano’.

Lembrou o aniversario do martirio de Pardo de Cela, n-un locido aito feito nos Salóns do ‘Centro Orensano’, no que o presidente Antón Alonso Ríos pronunciou unha enxundiosa conferenza que foi dempois editada en folleto ampiamente espallado.

(...)

### **Día dos mártires:**

A Irmandade Galega acordou instituir como ‘Día dos Mártires de Galiza’, o aniversario do fusilamento do esgrevio galeguista Alexandre Bóveda.

### **A NOSA TERRA**

A Irmandade Galega acordou a publicazón d-un órgao periodístico destiñado a espallar as suas doutriñas e as suas arelas. Para elo pensouse que ren millor que continuar eiquí coa publicación d'A NOSA TERRA, o órgao crásico da galeguidade aló na Terra, deica que ficou crausurado pol-o falanxismo dispóns de fusilar aos que o facían: Alexandre Bóveda e Víctor Casas.

E eisí se resolveu, seguindo o exemplo do antigo Grupo Galeguista que editou aquí en Bós Aires, dous números d'A NOSA TERRA.

### **Consello Direitivo:**

O Consello da Irmandade Galega foi formado eisí:

Presidente: Antón Alonso Ríos.

Vicepresidente: Ramón Rey Baltar.

Segredario: Xosé Bieito Abraira.


Vicesegredario: Daniel Nogueira.

Tesoureiro: A: Fernández Prol.

Protesoureiro: Eduardo López.

Vocales: Vicente Barros, Pedro Campos Couceiro e Xohán González.

**MANUSCRITO DA CONVOCATORIA RECONSTITUINTE DO PARTIDO  
GALEGISTA (PG) NO 'INTERIOR' ASINADA POR RAMÓN PIÑERO, 1945<sup>4</sup>.**



<sup>4</sup> Fundo Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Ourense.

**O GRUPO FEMININO DE “MOCEDADES GALEGUISTAS DE BUENOS AIRES”**  
**FALA AS SUAS IRMÁNS DA GALIZA E DO MUNDO**

Nós, un fato de mozas, ponla do vizoso albre galeguista de Buenos Aires, a frolecere en amore á Terra e a froitificare en feitos endereitados ao seu erguemento moral, cultural e material, facemos un chamado garimoso a todal-as mulleres galegas ou de estirpe galega; así coma, tamén, a todas aquelas que simpaticen cos nosos nobres propósitos, para que se acheguen ao grande movemento da galeguidade, xa en seivosa marcha, que haberá de conquerire para a nosa Galiza e o seu povo, un mainífico porvire cheo de lus, cuia craridade alumeará o entendemento dos galegos todos para que (tomando cada ves más fonda concencia do seu propio sere e do direito que teñen a viviren dinamentos e a seren respetados pol-o mundo) pónanse a traballar arreo pol-o desenrolo e afirmazón da súa verdadeira persoalidade, que haberá de levarnos a un mañán certo, dino e felís, no que o aproveitamento axeitado e intelixente dos grandeiros recursos materiás i-espritoás da Galiza tiña por fito o arreuento, ó máisimo, do nivel económico e cultural do noso povo, traballador, capás e intelixente coma o que más.

Mulleres galegas: nós non podemos nin debemos quedare inaitivas ante as disgracias que magoan e abafan á nosa Terra; pois muller e nai, de feito ou en potencia, e ninguén sofre como as nais galegas os desastrosos efectos dos males que – por culpa dos ruíns gobernos alleos, ou alleeiros – padecéu e padés a Galiza. Elas (xa o dixo a nosa grande Rosalía: “viudas de vivos e mortos que ninguén consolará”) élas sofren, coma naide, a desfeita da familia galega causada pol-a emigrázón. Ou! A EMIGRAZÓN!: riqueza viva da Galiza que se perde nos camiños do mundo.

Mulleres! Teñamos concenza da nosa grande responsabilidade nista época de liberazón que nos toca vivire. Decatémonos de que nós somos a pedra fundamental da familia; i-a familia é o basamento dos povos. Os cimentos, pois, da Patria descansan na muller.

Galegas! Deixaíde sere simplemente nais e convertídevos en nais consentemente galegas. Facéi dos vosos fillos homes de ben e de proveito: estadistas, mariñeiros, filosóficos, químicos, labregos, literatos... mais todos con alma galega, con sentimento galego, con dinidade galega; e así, facendo honore á súa estirpe, serán más vosos, xa que vós sodes mulleres galegas. Infundídelles o amore á Terra, á nosa fala, ós nosos costumes. Facede deles homes ceibes, homes barudos que eisixan o respeto a que ten direito o noso povo no concerto dos povos civilizados. Prantade o facho da liberdade nos nosos casals!

Ei Terra! ¡VIVA GALIZA CEIBE!

Buenos Aires, Outono do 1956.

GALEGAS DA ARXENTINA: mandádenos a vosa adhesión.

GALEGAS DA TERRA; GALEGAS ESPAREXIDAS POL-O MUNDO: cooperade para o trunfo total e defiñitivo da galeguidade; orgaizando agrupaciós femininas galeguistas e poñéndovos en contaito con nosco.

MOCEDADES GALEGUISTAS

Avenida Belgrano 2186

Buenos Aires (Arxentina)

## MANIFESTO DOS CREGOS GALEGOS<sup>5</sup>

Un grupo de cregos i estudantes galegos dos seminarios de Salamanca e Roma deu a pubricidade no mes de febreiro deste ano un intresante mañifesto redaitado no noso idioma- asinalando con craridade e valentía a súa posición diante do problema de Galiza e a necesidade de que a Eirexa axude a recuperación da persoalidade galega e a restructuración da vida do noso povo “en colaboración estreita con todos os que traballen con sinceiridade por unha sociedade mellor, sexan as que sexan logo as súas ideas sociaes, políticas ou relixiosas”.

Para elo recraman a necesidade da “**rehabilitación espritoal do povo galego**”<sup>6</sup>, redimilo do seu comprexo de inferioridade radical, devolverlle a confianza en sí mesmo e a concencia da propia diñidade. Neste punto a nosa responsabilidade é gravísima – din os cregos – porque gran parte da problemática galega xurde dun desorde espritoal, dunha inadatación coleitiva que non se tería producido históricamente sin a nosa colaboración”.

En más dunha ocasión nós temos asinalado a responsabilidade do crero da Galiza no proceso de despersoalización do povo galego, na súa “doma e castración” ó decir do Padre Zurita, para facer dele unha “masa” insegura de si mesmo, descreída das súas forzas e posibilidades, para sumarnos como hespañois de terceira ó carro do imperialismo castelán, coutando todal-as posibilidades dunha creación auténtica. Por elo vemos con fonda ledicia esta carta-mañifesto dos cregos galegos de Roma, non pol-o feito de que nos den a razón, senón pol-a prometedoira perspectiva de ter descuberto o camiño e terse trazado o ouxetivo de traballar pol-a recuperación do povo galego ó calor das correntes anovadoras do Concilio Vaticano II. Aprausamos sin reservas a decisión destes cregos Galegos de eisixir que o proisimo concilio rexional plantexe o problema de rehabilitación espritoal do noso povo o de colaboración con todal-as forzas que traballan a prol destes problemas para facer desaparecer

---

<sup>5</sup> Febreiro do 1974 in *Terra e Tempo*

<sup>6</sup> As negriñas son propias do orixinal.

a “dramática imaxe dunha Galiza arredada, dividida en grupos sociaes que loitan por non se mesturar, onde o 67% e probe xa oficialmente, onde uns poucos esplotan - más ou menos ás caladas- a iñorancia é a miseria dos mais, onde nivel socioeconómico, cultural e relixioso é moi baixo de máis, onde moitos van e veñen sin saberen ben nin a dónde nin por qué, **onde moitos teñen que emigrar ou descastarse**<sup>7</sup> pra lavaren á boca un anaco de pan, e onde, pra maior sarcasmo, cada día descóbreñense novos recursos.

Como patriotas galegos celebramos as mañifestacións deste grupo de cregos que co glorioso nome de “OS IRMANDIÑOS” toma posicións de xeito tan defiñido diante do problema galego, pois se ben Galiza tivo en todos os tempos cregos que illadamente souperon interpretar a nosa realidade nacional – o cura de Fruíme, Basilio Alvarez e tantos outros- ese sentimento foi sempre asolagado pol-a aición dos que Castelao definiu tan gráficamente como “prófugos do sacho”.

---

<sup>7</sup> Negriña no orixinal.

# **PROXECTO DE MEDIDAS ECONÓMICAS E BASES CONSTITUCIONAIS PARA UN PROGRAMA DE GOBERNO PROVISORIO GALEGO<sup>8</sup>.**

## **PRESENTACIÓN**

*Os últimos tempos políticos veñen caracterizados polo intento, tanto da burguesía coma das organizacións chamadas de “esquerda” españolas, de illar calquera alternativa de carácter nacional-popular que loite consecuentemente pola liberación do seu pobo, tentando imponernos os Estatutos da II República como cota máxima á que podemos aspirar... Todo iso, en beneficio da consecución da «democracia» a nivel estatal.*

*Esta manobra, historicamente chamada ao fracaso, esixe de tódolos patriotas galegos e das súas organizacións políticas unha definición clara e tallante daquelas bases mínimas sobre as que se ten de asentar calquera solución que se dea para Galiza. A alternativa galega, en función dos intereses das clases populares, concretouna, nesta altura, o «CONSELLO DE FORZAS POLÍTICAS GALEGAS» (C.F.P.G.). A aprobación polo Consello, o día 7 de abril, das «BASES CONSTITUCIONAIS» e do «PROIECTO DE MEDIDAS ECONÓMICAS PRA UN PROGRAMA DE GOBERNO PROVISORIO GALEGO», estando representados no devandito organismo neste momento o Partido Galega Social-Demócrata (PGSD), o Partido Socialista Galego (PSG) e a Unión do Pobo Galego (UPG), supón, dunha banda, a concreción e o desenvolvemento en medidas concretas do seu propio Programa e, por outra banda, determina unha alternativa nacional-popular e democrática cara a ruptura, rematando necesariamente coa más mínima virtualidade do Estatuto do 36. Como comunistas galegos que loitamos pola Liberación Nacional e Social e polo Socialismo, loitamos, xa que logo, por esta alternativa galega que responde aos intereses do proletariado e das demais clases populares no momento presente, e coidamos que as «BASES CONSTITUCIONAIS» que vén de aprobar o Consello son a única garantía, hoxe, dos dereitos nacionais de Galiza.*

---

<sup>8</sup> Abril do 1976. A transcripción deste e o seguinte documento derivan do contexto de varias edicións (Arquivo do autor, cedidas por Fidel Diéguez Díez), para alén do rascuño mecanografiado orixinal previo a esas edicións impresas que nos emprestou Luís Gonçales Blasco ‘Foz’ .

A Unión do Pobo Galego (*U.P.G.*) fai un chamamento a tódalas forzas políticas e sindicais operantes na Galiza e, en especial, ás forzas patrióticas, para que defendan esta alternativa e a fagan o guieiro da súa actuación no seo do pobo galego. Ao mesmo tempo, recabamos das vanguardas políticas do resto dos pobos do Estado Español que recoñezan esta alternativa e a apoien sen reservas, cumprindo o principio de que cada pobo debe escoller libremente o camiño da súa liberación.

A *U.P.G.* preparou esta edición para facela chegar a tódalas camadas populares galegas e someter o seu contido á más ampla discusión.

**NON AO ESTATUTO DO 36!!!**  
**APOIEMOS AS «BASES CONSTITUCIONAIS» !!!**

Unión do Pobo Galego  
(U. P. G.)

Galiza, Abril do 1976.

# **PROXECTO DE MEDIDAS ECONÓMICAS PARA UN PROGRAMA DE GOBERNO PROVISORIO GALEGO.**

PRESENTADO POLO

**Consello de Forzas Políticas Galegas (C.F.P.G.)**

**PGSD - Partido Galego Socialdemócrata**

**PSG -Partido Socialista Galego**

**UPG - Unión do Pobo Galego**

## **PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALIZA**

### **INTRODUCIÓN**

O presente documento non pretende constituír un repertorio de medidas concretas de política económica concxuntural. Pretende trazar un esquema xeral dos principios e obxectivos que deberán presidir e orientar, respectivamente, a concepción dunha política de desenvolvemento para Galiza e, máis en concreto, do desenvolvemento da súa estrutura produtiva, segundo a visión que ten o *Consello de Forzas Políticas Galegas (C.F.P.G.)*.

A creba democrática pasa, na Galiza, pola formulación dunha alternativa política galega. E non abonda con formulala en abstracto; compre dotala de contidos mínimos específicos. Un dos seus contidos primordiais consiste na visión da problemática socioeconómica da Galiza que se adopte e na súa plasmación nunha política de Goberno.

Dado que o C.F.P.G. considera que Galiza é un País subdesenvolvido e sometido a unha dependencia colonial, a creba democrática debe supor para as clases populares galegas a oportunidade certa de poñer en marcha unha política de desenvolvemento que rompa os mecanismos do colonialismo e tire á sociedade galega do trollo do subdesenvolvemento. O que equivale a dicir que o Goberno Galego (G.G.) deberá dispor, primeiro de todo, dun esquema firme de política de desenvolvemento, e que o seu primeiro compromiso neste terreo consistirá en botar os alicerces dese novo proceso de desenvolvemento

económico da Galiza, único capaz de satisfacer as arelas e os dereitos do pobo galego ao benestar colectivo na propia Terra.

Velaí o por qué do contido deste documento, que por outra banda soamente constituirá un primeiro esquema válido que o C.F.P.G. desenvolverá polo miúdo. A política social propiamente dita non está exposta neste documento que, reiterémolo, apunta só ás bases dunha estratexia de desenvolvemento autónomo. As políticas laboral, educativa, sanitaria e de servizos sociais en xeral serán obxecto dos programas específicos pertinentes. De todos xeitos, este documento define unha serie de prioridades referentes á participación das clases traballadoras na decisión económica e no produto social, estando baseado en principios e obxectivos todos eles definidos en beneficio do pobo galego.

Finalmente, ao Goberno Provisorio Galego incumbiralle no seu intre enunciar un programa mínimo de medidas de política económica inmediatas.

#### **A. — O colonialismo e a inserción da economía galega no sistema económico capitalista**

A inserción da Galiza no sistema capitalista do Estado español, baixo institucións xurídico-políticas que manteñen unha situación colonial, tradúcese no seu subdesenvolvimento e provoca a emigración e más a apropiación do excedente económico galego polas clases dominantes dos países capitalistas do Estado español e do mundo occidental.

No sistema capitalista, a economía galega cumple unha función dependente como subministradora de força de traballo, capital e materias primas ou produtos elaborados con baixo nivel de valor engadido galego. Esta función ten como consecuencia a subordinación do desenvolvemento industrial galego, o abandono e atraso das economías agraria e pesqueira, a emigración, e unha explotación das clases traballadoras galegas.

O colonialismo nega e tende a destruír a realidade nacional da Galiza, e oponse ás necesidades específicas do seu desenvolvemento, impedindo o seu autogoberno e planificación democrática da súa economía en función das necesidades populares.

## **B. — A planificación da economía galega**

O desenvolvemento da sociedade galega debe estar baseado en principios e obxectivos políticos, sociais, culturais e económicos que están en contradición coa situación de dependencia e que esixen unha planificación económica propia. O G.G. debe dispor de toda a autoridade planificadora necesaria para asegurar o cumprimento de aqueles principios e obxectivos, e non pode ceder aos organismos federais máis que aquelas funcións planificadoras que, sendo precisas para o desenvolvemento conxunto e en plan de igualdade dos pobos do Estado español, non contradigan polo tanto as necesidades do pobo galego.

## **C. — Principios básicos do desenvolvemento económico galego**

A planificación do desenvolvemento económico fundarase nos seguintes principios, referentes aos dereitos das clases traballadoras e do pobo galego.

- 1.º -Conservación e desenvolvemento da propia identidade política e cultural.
- 2.º -Desenvolvemento autóctono e intensificación dos intercambios exteriores en plano de igualdade e mutuo beneficio.
- 3.º -Administración dos recursos económicos en función das necesidades do pobo galego.
- 4.º -Garantía para os traballadores galegos dun traballo cumplido no propio país coa conseguinte eliminación da emigración.
- 5.º -Utilización produtiva do excedente económico galego na promoción do propio desenvolvemento.
- 6.º -Intervención democrática dos traballadores nas decisións económicas tanto das empresas como dos organismos planificadores.
- 7.º -Incremento progresivo da participación dos traballadores no produto social consumido.
- 8.º -Axuda, na medida das posibilidades da economía galega, aos países subdesenvolvidos.

#### **D. —Os obxectivos do desenvolvemento económico galego**

O cumprimento dos principios devanditos precisa dun desenvolvemento económico que teña como obxectivos fundamentais a creación dun mercado interno, de xeito que sobre da base dunha economía autocentrad,a intensificación das relacións económicas co resto dos países estea fundada nun intercambio igual e en mutuo beneficio e non na exportación de materias primas e de forza de traballo.

Neste senso, a industrialización e o desenvolvemento agrario e pesqueiro están necesaria e fondamente interrelacionados, e o benestar das distintas clases traballadoras non se pode lograr máis que por medio do desenvolvemento da totalidade da formación social galega.

Proletariado industrial, labregos e mariñeiros constitúen, xa que logo, o eixo das alianzas das clases capaces de levar adiante a transformación necesaria para o benestar do pobo da Galiza. O desenvolvemento económico ten que estar baseado na utilización de técnicas de producción que garantan o benestar dos traballadores, de xeito que a creación intensiva de emprego para eliminar a emigración e posibilitar a volta dos emigrantes non debe apoiarse na creación de actividades de baixa produtividade, senón no desenvolvemento das polas da economía más intensivas en emprego cun alto nivel de produtividade. As ramas económicas cuxo desenvolvemento é preciso para integrar e autocentrar a economía galega teñen mesmamente estas últimas características. Por outra banda, a industrialización da Galiza non debe limitarse á aplicación mimética e relativamente anacrónica dun modelo de sociedade industrial que leva aparellados gravosos custos sociais aturados case que exclusivamente polas clases traballadoras. A industrialización debe evitar o estrago de recursos e a producción irracional baixo criterios consumistas, e ten que adecuarse ás pautas de compatibilidade intersectoriais e condicionamentos ecolóxicos que só unha comprensión global do desenvolvemento económico galego permite establecer e sinalar.

A creación de emprego para posibilitar a volta dos emigrantes está urxida non só polo respecto a un dereito fundamental dos traballadores, senón tamén, diante da crise do sistema capitalista e da emigración a Europa, para evitar o paro ou unha reversión dos emigrantes aos países industrializados do Estado español. A estruturación integrada da economía galega debe constituírse nun obxectivo

básico da planificación. Hoxe, as materias primas galegas transfórmanse case todas fóra da Galiza, as grandes empresas existentes non están integradas na economía galega, a agricultura e a industria galegas non están interrelacionadas na medida e na maneira necesaria mediante un complexo industrial transformador dos produtos e fabricante dos subministros e medios de producción agrarios e, en xeral, non existe na industria galega o fundamental sector de fabricación de medios de producción.

Estes fenómenos están causados polo crecemento monopolista e pola ausencia dunha planificación galega, e impiden a creación do adecuado emprego industrial e de servizos, e o desenvolvemento dun mercado de produtos intermedios e máis para demanda de consumo.

A integración da economía galega e o desenvolvemento dun mercado interno non se opoñen de ningún xeito á intensificación das relacións exteriores. Opóñense únicamente ao presente intercambio desigual baseado fundamentalmente na importación de forza de traballo e de materias primas e outros produtos cun baixo nivel de valor engadido galego.

A integración da economía galega e o consecuente cese da emigración son por outra banda, obxectivos que requiren eliminar a apropiación allea do excedente económico producido polos traballadores galegos, apropiación allea á súa vez levada a cabo en parte a través da referida exportación de materias primas e forza de traballo.

O estado actual da economía galega e o logro dos obxectivos fundamentais descritos requiren un desenvolvemento económico baseado nas seguintes directrices sectoriais:

#### **1.<sup>a</sup> — DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL.**

O G.G. considerará como obxectivo prioritario a participación progresiva dos traballadores asalariados na decisión económica nos centros de traballo, en especial nas empresas públicas, e nos organismos de planificación. Por outra banda o desenvolvemento industrial favorece obxectivamente á organización dos traballadores asalariados e como consecuencia a súa progresiva participación na decisión económica e no produto social.

Os eixos cardinais do desenvolvemento industrial serán:

- 1.1. Transformación deca as últimas fases do ciclo produtivo das materias primas propias ou dispoñíbeis, ou en todo caso, utilización dos recursos económicos da exportación no propio desenvolvemento.
- 1.2. Utilización progresiva na Galiza da producción de enerxía eléctrica, hoxe exportada, utilización no propio desenvolvemento dos resultados económicos dos excedentes, e adecuación dos incrementos de producción ás necesidades propias.
- 1.3. Desenvolvemento dun complexo agroindustrial baseado nos recursos agrícolas, gandeiros e forestais galegos, que abrangan tanto á transformación industrial como á fabricación de medios de producción e de subministros industriais para agricultura e para o propio complexo agroindustrial. Ese complexo agroindustrial deberase espareixer polo medio rural para mellor o potenciar e dinamizar.
- 1.4. Consolidación e modernización da actual industria pesqueira, e desenvolvemento das industrias complementarias.
- 1.5. Incremento da integración na economía galega das relacións produtivas das industrias de fabricación de produtos elaborados destinados fundamentalmente á exportación (buques, automóbiles, etcétera) mediante a creación das correspondentes empresas auxiliares e subsidiarias.
- 1.6. Desenvolvemento da industria de materiais para a construcción.
- 1.7. Apoio á transformación e modernización semiartesanal.
- 1.8. Desenvolvemento do sector de fabricación de bens de equipo.

## 2.<sup>a</sup> —DESENVOLVEMENTO AGRARIO.

O desenvolvemento agrario orientarase na perspectiva dos intereses e o benestar colectivo do campesiñado, e contemplarase como un proceso integrador e modernizador do mundo rural galego.

O G.G. terá como un dos seus obxectivos sociais prioritarios a eliminación da necesidade de traballo das persoas de idade, hoxe obrigado pola emigración e o abandono da agricultura.

A política de prezos agrarios terá como obxectivos o incremento progresivo da produtividade e a eliminación da apropiación de traballo dos labregos por outras clases sociais do mesmo ou diferentes sectores económicos.

Os labregos xestionarán as cooperativas e outras explotacións colectivas acorde cos seus intereses no marco da planificación da economía galega. A organización cooperativa proxectarase non só na producción agraria senón tamén na súa comercialización e transformación industrial.

O desenvolvemento da producción agraria estará orientado polas prioridades seguintes:

2.1. Incremento da producción para o mercado interno galego e para exportación.

2.2. Desenvolvemento da produtividade mediante a ordenación axeitada de cultivos e aproveitamentos, e máis a agrupación cooperativa dos labregos, feita posíbel pola creación de postos de traballo industriais, fundamentalmente no medio rural.

2.3. Expansión dos cultivos pratenses e forraxeiros, co obxecto de desenvolver a producción leiteira e a recría de gando hoxe exportado.

2.4. Promoción dos cultivos hortofrutícolas.

2.5. Protección da producción e mellora da calidade dos viños.

2.6. Promoción da silvicultura e de diversificación das especies forestais con criterios ecolóxicos e económicos axeitados.

### **3.º — DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO.**

O desenvolvemento pesqueiro orientarase na perspectiva dos intereses das poboacións traballadoras da beiramar e contemplarase na súa interdependencia coas demais actividades produtivas desas mesmas poboacións. Así mesmo atenderá á consideración conjunta das actividades extractivas comercializadoras e transformadoras.

O G.G. terá como un dos seus obxectivos prioritarios a mellora das condicións de vida e de seguranza no traballo dos mariñeiros, e a súa participación na xestión das empresas ou cooperativas pesqueiras. A organización cooperativa proxectarase non só na extracción pesqueira e marisqueira senón na súa comercialización e transformación industrial.

Do mesmo xeito que na agricultura a política de prezos da pesca terá como obxectivos o incremento progresivo da produtividade e das condicións de vida dos traballadores, e a eliminación da apropiación do traballo dos mariñeiros por outras clases sociais do mesmo ou diferentes sectores económicos.

O desenvolvemento da producción pesqueira ou marisqueira estará orientado cara os obxectivos seguintes:

3.1. Racionalización e modernización da producción marisqueira e da pesca de litoral e de baixura mediante a planificación de cultivos, regulación das extraccións e continuo uso de embarcación e artes de pesca axeitados.

3.2. Consolidación da actual pesca de altura e grande altura.

3.3. Promoción da explotación piscícola moderna e integral dos cursos de auga.

### **4. — ORDEACION DO ESPAZO E DAS COMUNICACIÓNS.**

O desenvolvemento urbanístico e das comunicacións internas ferroviarias e por estradas orientarase en función do benestar social, do especial espallamento da poboación co necesario desenvolvemento rural integrado con actividades agrarias, industriais e de servizos situadas neste medio, e da expansión dun mercado interno galego. Todo isto sen prexuízo de seren atendidas as

comunicacións marítimas e terrestres necesarias para intensificación dos intercambios externos.

A ordenación do espazo rural e máis o desenvolvemento urbanístico e das comunicacóns deberán permitir a distribución harmónica da poboación galega. Evidentemente a aglomeración en certas zonas costeiras, debe atender á Galiza interior e ás bisbarras hoxe más atrasadas ou postergadas, e debe mellorar decididamente as condicións de vida no medio rural e a súa proximación ás zonas urbanas.

O programa de construcción de vivendas asumirá un apoio activo á mellora da vivenda rural e mariñeira, con proxectos variados e apropiados para as condicións de vida e climáticas do campo e da costa. Os plans de urbanismo poderán incluír a socialización do chan urbano na medida precisa para erradicar a especulación, abaratar as vivendas dos traballadores e asegurar o desenvolvemento harmónico e as condicións de habitabilidade das cidades e das vilas.

## **E. — Recursos da economía galega**

O subdesenvolvemento da economía galega non é debido á carencia de recursos. Galiza, como praticamente tódolos países, ten recursos abondo para sustentar unha economía que proporcione o benestar aos seus habitantes. Son, pola contra, os mecanismos da dependencia os que impiden que eses recursos se empreguen de xeito acaído para o propio desenvolvemento.

A economía galega dispón dunha gran capacidade potencial de producción agraria. Obtén unha producción pesqueira que a sitúa entre os países máis destacados e dispón dunhas condicións biolóxicas e ecolóxicas privilexiadas nas augas litorais. A riqueza mineira galega pode fornecer en cantidades relevantes materias primas hoxe en boa medida, pode ser utilizada no propio desenvolvemento.

Galiza ten unha pobre estrutura industrial dentro da cal existen, en contraste, empresas e actividades apropiadas para serviren de base a unha nova industrialización. A economía galega dispón de capitais, hoxe colocados maioritariamente no exterior a través do sistema financeiro do Estado español,

abondo para iniciar o financiamento do plan económico exposto e, xunto co resto dos recursos, para serviren de garantía na obtención dos créditos suplementares.

En fin, o traballo dos residentes actuais e dos emigrantes que regresen é, con todo, o maior recurso co que conta Galiza, si o traballo é organizado socialmente en función das propias necesidades e da solidariedade cos demais pobos.

## **F. — Política económica**

A política económica galega necesaria para os recursos económicos seren postos ao servizo dos obxectivos prioritarios, deberá fundamentarse na creación dun sector público industrial e comercial coa dimensión precisa, mantendo na esfera privada as actividades non especificadas como públicas, dando pulo xeralizado ás cooperativas agrarias e pesqueiras, controlando a política fiscal, financeira, educativa e de investigación, laboral e social, e participando en plano de igualdade na elaboración federal das políticas monetarias e arancelaria.

A intervención pública estará centrada prioritariamente nos sectores e actividades que sexan básicos para o logro dos principios e obxectivos do desenvolvemento da economía galega, cuxa creación ou desenvolvemento está hoxe coutado pola dependencia. En congruencia con todo o anterior, as actuais empresas públicas implantadas na Galiza, pasarían a ser empresas públicas.

### **1— POLÍTICA ECONÓMICA INDUSTRIAL**

- 1.1. Nacionalización dos recursos enerxéticos e mineiros, así como a explotación dos mesmos en función do propio desenvolvemento.
- 1.2. Creación mediante cooperativas e empresas nacionalizadas do novo complexo agroindustrial. Intervención pública da comercialización exterior da producción agraria. Apoio ao desenvolvemento do sector privado agroindustrial.
- 1.3. Modernización da industria conserveira de peixe e diversificación da mesma en base a produtos agrarios e pesqueiros.
- 1.4. Promoción concertada, ou no seu caso mediante empresas públicas, da transformación na Galiza das materias primas dispoñíbeis.
- 1.5. Promoción concertada, da integración na economía galega das actuais industrias de enclave dedicadas á exportación de produtos elaborados.

- 1.6. Promoción pública ou concertada do sector de fabricación de medios de producción.
- 1.7. Promoción de cooperativas e outras formas de asociación no sector artesán e na pequena empresa e creación de organismos públicos de asistencia técnico-administrativa.
- 1.8. Localización espallada das novas plantas industriais por todo o territorio galego, e en especial nas bisbarras más precisadas dun pulo anovador.

## 2. — POLÍTICA ECONÓMICA AGRARIA

- 2.1. Establecemento de pautas, con criterios edafolóxicos, económicos e climatológicos, para o reparto do destino agrícola, gandeiro ou forestal das terras con óptimo aproveitamento.
- 2.2. Fomento e creación xeralizada de cooperativas de producción ou outras formas de asociación para explotación gandeira sobre a base do respecto da vontade dos labregos.
- 2.3. Fomento das cooperativas e outras formas de asociación para explotación agrícola e forestal.
- 2.4. Fomento das cooperativas e outras formas de asociación para explotación do viño.
- 2.5. Regulación e racionalización do destino das augas para rego en función do aproveitamento intensivo das terras, e aproveitamento piscícola dos cursos de auga.
- 2.6. Devolución dos montes de veciños aos labregos.
- 2.7. Planificación dos incrementos da producción e da produtividade en función da mellora do nivel de vida campesiño e do carácter exportador do sector agrario.
- 2.8. Control da comercialización en grande escala dos produtos agrarios mediante empresas cooperativas de segundo grado, ou no seu caso nacionalizadas, sen prexuízo do respecto á iniciativa privada.
- 2.9. Revitalización das feiras e mercados comarcais e locais con funcions complementares e supletorias do comercio en grande escala.
- 2.10. Garantía de venda da producción e prezos remuneradores.

- 2.11. Creación de organismos públicos e promoción de equipos sindicais, integrados nas explotacións agrarias, de asistencia técnica, administrativa, etcétera.
- 2.12. Concesión de créditos e axudas económicas sen ánimo de lucro coa garantía do traballo dos labregos ou do aval dos veciños, e máis fomento do mutualismo agrario.
- 2.13. Creación de parques de maquinaria agrícola a nivel comarcal.

### 3. —POLÍTICA ECONÓMICA PESQUEIRA

- 3.1. Establecemento de pautas, con criterios ecolóxicos, biolóxicos e tecnolóxicos para o deslinde de zonas de pesca na plataforma continental, aproveitamento integral das rías, explotación marisqueira da beiramar e localización industrial inocua. Regulamentación estrita e con criterios racionais de vedas, artes e sistemas de extracción.
- 3.2. Fomento e creación xeralizada de cooperativas e outras formas de asociación na pesca de baixura e na producción marisqueira, coa participación dos pescadores e mariscadores e respecto á súa vontade.
- 3.3. Atribución ás comunidades de mariscadores dos parques e viveiros naturais de explotación e cultivo, e do control compartido coas institucións públicas das zonas costeiras axeitadas para o cultivo en parques artificiais.
- 3.4. Apoio concertado, baixo pactos de mellora das condicións de vida dos mariñeiros, ás empresas de pesca de grande altura e conxeladora.
- 3.5. O G.G. intervirá nas negociacións e pactos para pesca en augas territoriais doutros países, en protección dos intereses da industria pesqueira galega.
- 3.6. Creación de cooperativas de segundo grado, ou no seu caso, empresas nacionalizadas, para comercialización en grande escala dos produtos pesqueiros.
- 3.7. Garantía de prezos remuneradores para venda da producción pesqueira e marisqueira. Será suprimido o actual réxime de funcionamento das lonxas.
- 3.8. Creación de organismos públicos e promoción de equipos sindicais, integrados nas explotacións mariñeiras, de asistencia técnica, administrativa, etcétera.

3.9. Concesión de créditos e axudas económicas sen ánimo de lucro coa garantía do traballo dos mariñeiros ou dos avais pertinentes e mais o fomento do mutualismo pesqueiro.

3.10. Protección das augas litorais contra a contaminación.

#### 4. —POLÍTICA DE ORDEACIÓN DO ESPAZO, DA VIVENDA E DAS COMUNICACIÓNS.

4.1. Dotación da infraestrutura material e de servizos necesaria ao medio rural para súa modernización e desenvolvemento.

4.2. Establecemento dunha política de ordenación e asistencia técnica e financeira á modernización do hábitat, con adaptación ao medio e ás formas de asentamento da poboación.

4.3. Reformulación xeralizada dos plans de urbanismo cara a radical eliminación da especulación sobre do chan, o respecto de espazos abertos e zonas verdes, a ordenación de areas de servizos e a supresión de formas aberrantes de edificación.

4.4. Adopción das medidas conducentes ao abaratamento das vivendas para os usuarios.

4.5. Desenvolvemento da rede de comunicacíons e do sistema de transportes, con prioridade para os transportes colectivos e para as comunicacíons internas.

4.6. Determinación mediante acordos federais da política de comunicacíons externas.

4.7. Revisión do sistema de xestión dos servizos portuarios e dotación de portos de abrigo axeitados ás bases da flota pesqueira de baixura.

#### 5. —POLÍTICA FISCAL.

A política fiscal na Galiza será determinada e executada polo G.G. A contribución ás necesidades comúns federais será realizada en función de criterios equitativos. A imposición estará baseada en figuras tributarias que tendan a anular a regresividade do sistema tributario vixente e, singularmente, nos impostos xerais sobre das rendas das persoas físicas e das sociedades, e impostos sobre transmisións patrimoniais.

O G.G. asume a regulación da Seguranza Social no territorio galego. Para a súa xestión constituirase un ente autónomo que asumirá o patrimonio de todas as entidades da Seguranza Social existentes na Galiza.

Unha comisión paritaria de representantes deste ente autónomo e do órgano español correspondente determinarán todo o relativo á transmisión de activos e pasivos da Seguranza Social na Galiza.

#### 6. —POLÍTICA FINANCEIRA E MONETARIA.

O G.G. poderá crear un sector bancario nacionalizado e terá os seus propios órganos de política monetaria, cos que incluirá equitativos a nivel federal.

O G.G. controlará a actuación dos intermediarios financeiros que operan na Galiza e adoptará as medidas necesarias para poñer o aforro galego ao servizo do propio desenvolvemento, incluídas as referentes á domiciliación das entidades financeiras.

#### 7. —POLÍTICA EDUCATIVA E CIENTÍFICA.

O G.G. regulará o sistema educativo e investigador e creará e potenciará as institucións que considere necesarias en función do desenvolvemento económico da Galiza.

Abril de 1976.

**BASES CONSTITUCIONAIS PARA PARTICIPACIÓN DA NACIÓN GALEGA  
NUN PACTO FEDERAL E DE GOBERNO PROVISORIO GALEGO.**

PRESENTADO POLO

**Consello de Forzas Políticas Galegas - (C.F.P.G.)**

**PGSD- Partido Galego Socialdemócrata**

**PSG- Partido Socialista Galego**

**UPG- Unión do Pobo Galego**

**Primeira.-** Conforme ao principio de autodeterminación nacional, a soberanía política na Galiza correspónelle ao pobo galego.

**Segunda.-** Un Goberno asumirá a representación e o exercicio do poder político no territorio da Galiza, en tanto non se establezan as institucións políticas definitivas, no correspondente proceso constituínte.

**Terceira.-** O Goberno Galego só responderá da súa xestión ante o pobo galego, titular da soberanía política, e a súa actuación terá como principios irrenunciábeis os consignados nas seguintes bases:

**DA PARTICIPACIÓN NUN PACTO FEDERAL ESPAÑOL**

**Cuarta.-** A participación da nación galega nun pacto federal español terá de se axustar ás condicións mínimas seguintes:

I.- O pacto federal ten de ser concluído sobre do principio da negociación no plano da igualdade dos representantes lexítimos dos pobos das diversas nacións hoxe integradas no Estado español, segundo veñan determinados polos respectivas procesos constituíntes.

II.- O pacto federal non poderá reducir as facultades de autoorganización e autogoberno da nación galega, agás nos aspectos libremente consentidos polos seus lexítimos representantes no devandito pacto.

III.-Os órganos federais que se establezan, tanto lexislativos, como executivos e xudiciais, integraranse sobre a base da representación por nacións, en igualdade numérica, independentemente da poboación e territorio de cada unha delas.

IV.- Non se podrá tratar de relativizar o peso político das nacións nos órganos federais mediante a concesión de igual representación neles ás rexións integrantes de calquera das nacións. Tal cousa non impedirá que calquera das nacións, na súa organización interna, poda outorgar autonomía ás rexións ou provincias que a constitúan.

V.- A eventual integración da Federación en organismos supranacionais, de carácter político ou económico, deberá ser referendada polos lexislativos de tódalas nacións federadas.

**Quinta.-** Os recursos económicos da Federación virán constituídos por:

I.-Achega de cada unha das nacións federadas, sobre do criterio de potencialidade económica respectiva e da solidariedade federal.

II.-Os rendementos daquelas actividades susceptíbeis de proveito económico que a Federación asuma en exercicio de competencias que lle sexan recoñecidas no pacto federal.

III.-Os recursos fiscais expresamente previstos no pacto.

**Sesta.-** Serán competencias federais as referentes a asegurar a relación entre as distintas nacións integrantes da Federación e a defensa e relacións exteriores; en particular:

I.-Forzas armadas de carácter militar: exércitos de terra, mariña e ar.

- II.-A representación exterior da Federación: servizos diplomáticos e consular.
- Conclusión de acordos internacionais.
- III.-Declaración de guerra e acordo da paz.
- IV.-Política monetaria e arancelaria.
- V.-Coordinación das políticas económica e fiscal das nacións federadas.
- VI. Réxime xurídico da administración federal.
- VII.-Lexislación Penal.
- VIII.-A administración de xustiza nas materias en que a lexislación sexa de competencia federal<sup>9</sup>.

**Sétima.-** As competencias federais non poderán ser ampliadas por medio da interpretación xudicial de poderes implícitos nelas.

As competencias non atribuidas espresamente á Federación ficarán reservadas ás nacións integrantes.

**Oitava.-** A competencia federal sobre as forzas armadas abranguerá ás forzas de carácter estritamente militar. As forzas paramilitares de orde público serán de competencia das nacións federadas.

Os mozos chamados a recrutamento forzoso terán de facer o seu servizo militar no territorio da Galiza.

O persoal militar designado para empregos que supoñan “cargos de confianza”, a exercer no territorio galego, deberán obter o referendo do Goberno Galego.

Toda alteración substancial da dotación ou organización militares no territorio galego, e a realización das manobras militares non de rutina no mesmo, deberán ser postas previamente en coñecemento do Goberno Galego.

---

<sup>9</sup> Na reedición das *Bases* que realizara o BN-PG para o Día da Patria do 1979, o presente epígrafe tiña sete puntos, tras ser suprimido o texto do punto séptimo que rezaba tal e como aquí o punto VIII.

En caso de guerra co exterior declarada formalmente pola Federación, os órganos federais correspondentes poderán prescindir do disposto nos tres últimos parágrafos.

**Novena.-** A Federación ten de conceder intervención aos órganos nacionais galegos correspondentes na negociación de acordos con outros Estados ou organismos internacionais sobre pesca, en augas internacionais ou territoriais doutros países, sobre réximes de emigración e cantas cuestiós afecten fundamentalmente aos intereses da nación galega.

**Décima.-** A competencia federal sobre política monetaria enténdese sen prexuízo das competencias nacionais galegas de ordenación financeira, especificada na base 17<sup>a</sup>.

**Undécima.-** Serán competencias nacionais galegas:

I.-A autoorganización política e o autogoberno, segundo determine a vontade constituyente do pobo galego, sen outros límites que os previstos na base 4<sup>a</sup>, II.

II.-O réxime xurídico da Administración galega.

III.-O réxime electoral<sup>10</sup>.

IV.-A determinación dos nacionais galegos<sup>11</sup>.

V.-O réxime xurídico das liberdades públicas.

VI.-A lexislación penal<sup>12</sup>.

---

<sup>10</sup> No texto orixinal das *Bases*, e na súa primeira edición, estes primeiros tres puntos conxugábanse nun só.

<sup>11</sup> No documento orixinal das *Bases*, así como no *Libro negro*, este punto indica: “IV.-A determinación dos dereitos nacionáis galegos”.

<sup>12</sup> Este punto non aparece inicialmente nos documentos do CFPG nem na propia edición destes do 1976. Farao con posterioridade, diante da edición que o BN-PG tira á altura do 25 de xullo

VII. O mantemento da orde pública, a declaración de estados de excepción.

VIII.-A política económica e a planificación da economía.

IX.-A política fiscal.

X.-O Dereito civil, mercantil e de traballo; a regulamentación da Seguranza Social.

XI.-A Administración de xustiza nas materias en que a lexislación sexa de competencia nacional galega.

XII.-O rexistro civil e o notariado.

XIII.-O réxime urbanístico e a ordenación do territorio.

XIV.-A política cultural e educativa.

XV.-A política sanitaria.

XVI.-A política de transportes e de comunicacóns<sup>13</sup>.

**Duodécima.-** A determinación do carácter federal ou nacional de competencias non previstas nestas bases fica remitida á negociación do pacto federal, pero unha vez concluso, aterase ao determinado na base 7<sup>a</sup>.

A asignación de calquera competencia aos niveis federal ou nacional abranguerá necesariamente a lexislación e a execución sobre a materia determinada; con todo, a Federación, previo acordo co Goberno Galego, poderá delegar en órganos nacionais a execución en materias competencia daquela.

---

do 1979.

<sup>13</sup> Este punto inicialmente non aparecía nos documentos e edición destes do 1976.

**Décimo terceira.-** O idioma oficial da nación galega é o galego.

Nas relacións oficiais dos órganos públicos galegos cos da Federación empregarase o idioma oficial da Federación<sup>14</sup>.

Os órganos federais que actúen no territorio galego, nas súas relacións cos administrados estarán obrigados a empregaren o idioma galego, agás requerimento expreso en contra da parte do administrado.

**Décimo cuarta.-** Para o mantemento da orde pública no territorio da Galiza crearase unha Garda Nacional e un Servizo de Policía Nacional<sup>15</sup>.

Serán fins da Garda Nacional:

I.-Exercicio das funcións da policía gobernativa, xudicial e fiscal.

II.-Colaboración na defensa pasiva civil.

Os órganos nacionais galegos ditarán a normativa reguladora das policías municipais.

**Décimo quinta.-** O réxime xurídico das liberdades públicas abranguerá a regulamentación dos dereitos de xuntanza, manifestación, asociación política, sindical e relixiosa, e a regulamentación dos medios de comunicación.

Este réxime non poderá ignorar ou lesionar os dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU.

**Décimo sexta.-** A competencia nacional galega de política e planificación económica implicará, en particular, as facultades seguintes:

I.-Elaboración e xestión do plan económico nacional.

II.-Nacionalización das fontes de riqueza existentes no territorio galego.

---

<sup>14</sup> Este parágrafo non aparecerá na edición do 1979.

<sup>15</sup> Na edición do BN-PG do 1979 en troca de Policía Nacional fálase de "Policía Municipal".

III.-Ordenación da producción económica e da súa comercialización.

IV.-Ordenación das institucións financeiras que operen en territorio galego; creación dun sector bancario nacionalizado.

**Décimo séptima.-** A competencia de ordenación financeira, en particular, a facultade de fixación de cotas de liquidez e inversión, e de fondos obligados de reservas e inversión, para todas as entidades que operen na Galiza no terreo financeiro, áínda que sexan sucursais de entidades non galegas.

**Décimo oitava.-** A nación galega poderá emitir débeda pública e o Goberno poderá concertar operacións de tesourería.

**Décimo novena.-** A competencia nacional galega sobre do ensino abranguerá todos os degraos e niveis, calquera que sexa o carácter dos centros que o imparten.

O ensino impartirse en galego, en todos os seus degraos e niveis, se ben, atendida a existencia de sectores de poboación español falante, o Goberno galego obrígase a establecer escolas primarias en número suficiente para recoller os nenos procedentes daqueles sectores, nas que o ensino se impartirá en español, con vistas á integración harmónica dos mesmos na comunidade cultural galega.

**Vixésima.-** Os activos e pasivos públicos afectados a servizos que pasen a ser competencia nacional galega integraranse no patrimonio público galego. Unha comisión paritaria dos Gobernos federal e nacional galego determinará as modalidades da transferencia.

Esta disposición aplicarase tamén á Seguranza Social<sup>16</sup>.

---

<sup>16</sup> Esta liña xa non aparece na edición do BN-PG.

## **Do exercicio do poder polo Goberno provisorio Galego<sup>17</sup>**

**Vixésimo primeira.-** Unha Comisión paritaria do Goberno provisorio galego e o Goberno español establecerá as modalidades concretas de coordinación das súas xestións respectivas, sobre o principio de aceptar como criterio orientador o previsto para o pacto federal. Esta Comisión determinará concretamente, e en cada momento, e mentres se estenda o período provisorio, as alteracións que respecto do réxime federal veñan impostas temporalmente.

**Vixésimo segunda.-** Na medida en que o Goberno provisorio galego asuma o exercicio efectivo das competencias nacionais galegas, os órganos públicos españois radicados no territorio da Galiza, pertenzan á Administración territorial ou institucional do Estado, ou á Administración provincial, e afectados ao desenvolvimento daquelas competencias, pasarán a depender do Goberno galego.

Os funcionarios titulares ou afectados ao servizo dos devanditos órganos conservarán a súa categoría profesional, salvo expediente de responsabilidade política, instruído coas debidas garantías.

**Vixésimo terceira.-** A transferencia patrimonial prevista na base 20<sup>a</sup> virá imposta automaticamente para os servizos que asuma efectivamente o Goberno provisorio galego.

**Vixésimo cuarta.-** En tanto o Goberno provisorio galego non asuma efectivamente a súa competencia fiscal, o Goberno español obrígase a facilitarlle os recursos económicos que se viñesen empregando nos servizos correspondentes, competencia do Goberno galego.

---

<sup>17</sup> A seguir, no documento mecanografiado que deu orixe ao *Libro negro*, incluíase un outro punto que non se acha en nengunha edición impresa de tiraxe masiva. Dicía así: “O recoñecemento do Goberno provisorio español polo Goberno provisorio galego fica subordinado ao compromiso formal de parte do primeiro do respecto das bases contidas nos artigos precedentes”.

A determinación do monto económico da transferencia de recursos axustarase aos criterios seguintes:

I.-Proporcionalidade da poboación galega á do enteiro Estado español no último censo oficial aprobado.

II.-Media das previsións de gastos, nos dous últimos orzamentos aprobados, para cada rúbrica do Orzamento do Estado español afectada a servizos da clase dos asumidos polo Goberno Galego.

III.-Globalización das cantidades referidas no apartado II, aplicándolle o coeficiente proporcional previsto no apartado I.

Unha Comisión paritaria especial do Goberno español e do Goberno provisorio galego asegurará periodicamente a concreción da transferencia, de acordo cos criterios expresados.

**Vixésimo quinta.-** En ningún caso o Goberno provisorio galego ficará vencellado polas asignacións previas feitas no orzamento español, sendo da súa exclusiva competencia a distribución dos recursos das súas atribucións.

**Vixésimo sesta.-** Constituirase unha comisión paritaria especial do Goberno provisorio galego e o Goberno español e, eventualmente, os demais gobernos nacionais ibéricos, a efectos da determinación das políticas fiscal, monetaria e arancelaria, en tanto non se establezan os órganos federais correspondentes.

O Goberno Galego non recoñecerá lexitimidade ás disposicións que nestas materias adopte o Goberno español sen o consenso dos seus representantes na comisión aludida.

**Vixésimo séptima.-** Nesta etapa provisoria serán cooficiais no territorio da nación galega os idiomas galego e castelán. O Goberno provisorio adoptará as medidas precisas para facilitar a implantación do réxime definitivo nesta materia, prevista na base 13<sup>a</sup>.

**Adicional.-** Sen prexuízo de facer efectivas todas as competencias que lle correspondan consonte estas bases, o Goberno provisorio considera

imprescindíbel reparar no mesmo momento da súa proclamación os espolios más patentes feitos en prexuízo das clases traballadoras galegas.

GALIZA, Abril, 1976.

## **OS CREGOS GALEGOS DIANTE DO CONFLITO DAS ENCROBAS.**

Os abaixo firmantes, cregos da diócese compostelana que realizan a súa misión pastoral no mundo rural, aproveitando a nosa xuntanza mensual en Santiago queremos manifestar o noso sentir sobre os graves acontecimentos que están a ocorrir en As Escravas<sup>18</sup>:

**1º Ás xentes de As Encravadas:** Solidarizámonos coa xente que unha vez mais se ve explotada, desatendida e enmudecida. Ela é a xente que padece o sacrificio brutal da emigración, que atura os índices mais elevados da inseguridade social e de opresión de todo tipo. “Os sufrimentos e as angustias de todos os homes deben ser os sufrimentos e as angustias de todos os discípulos de Cristo”.

**2º Ás autoridades públicas:** ¿Até cando os pobres van ser sempre desouvidos? ¿Até cando os nosos labregos van ser sempre marxinados? ¿Até cando o sangue, o traballo e o suor dos nosos campesinos van enriquecer as arcas dos poderosos? No conflito entre a lei e o home, Xesús sempre optou polo home: “Non se fixo o home para o sábado (para a lei), senón a lei para o home”. Dómos que as forzas de orden pública sexan utilizadas unha vez mais, para defender os intereses dos poderosos, obrigando a estas forzas a enfrentárense cos seus pais e irmáns de sangue, de Terra e de fala.

**3º Aos donos da empresa,** que quizá din crer no Deus de Xesús Cristo -que estivo sempre ao carón do povo- queremos recordarllles as palabras da Carta de Santiago, que é palabra de Deus: “O xonal dos traballadores... defraudado por vós clama, e os seus berros chegaron aos ouvidos do Señor dos exércitos. Vivides ben sobre a terra, entregados aos placeres: estádesvos cebando para o día da matanza (Carta de Santiago, 5, 4-5).

---

<sup>18</sup> O 18 de febrero do 1977 aparecía este texto en varios xornais galegos, assinado por 35 sacerdotes; reproducido tamén en *Encrucillada, revista galega de pensamento cristian*, nº 2 (Marzo-Abril, 1977) pp.83-84

**4º Á xerarquía eclesiástica galega:** Queremos pedirles que se comprometan e se solidaricen activamente con este gravísimo problema dos nosos labregos. Ao noso Arcebispo queremos falarlle mais en concreto á súa conciencia e responsabilidade: o día que recebeu a comisión dos veciños, díxolleis vostedes que “facía seu o problema das Encrobas”. Os resultados están á vista. Se non se toma postura, ¿seremos realmente seguidores do que dixo Cristo: “o bon pastor... coñece, defende, dá a vida polas ovellas”?; ¿até que punto poderá a xente continuar fiándose de vostedes, de nós, da Igrexa?

**5º A nós mesmos,** cregos dun povo pobre, a quen queremos servir: Que esto sexa unha chamada mais para que o noso traballo vaia na liña de defensa dos interese do noso povo, “axudando ao crecemento e á liberación dos homes que nel viven e á criación dunha nova sociedade xusta e digna, onde os homes sexan donos de si e non servos e escravos, segundo as esixencias da mensaxe de liberación dun home rural: Xesús de Nazaré”.

**6º A conciencia pública galega:** Que nos demos conta de que somos irmáns e non podemos -aínda que teñamos solucionados os nosos problemas persoais- quedar indiferentes diante destes feitos e da situación xeral en que vive a xente do noso mundo rural. Que caiamos na conta que até que non formemos unha auténtica conciencia nacional galega -o que non significa separatismo- non poderemos defender os nosos intereses e problemas. Quizá vaia sendo hora de non contentarse con chamar extremistas aos que falan dunha colonización de Galiza, mentras sigan repetíndose estes feitos nos que o auténtico interese da comunidade galega queda postergado ante intereses mais “xerais”. “Somente cando os galegos tomemos nas nosas mans o desenvolvemento do noso país - sin esperar ningún maná caído de arriba-, somento entón o desenvolvemento e apaz vitán á nosa Terra” (bispo de ferrol).

Finalmente pedimos a liberación de todos os nosos irmáns labregos detidos, e solidarizámonos plenamente co noso compañoiro Ramón Valcárcel Vega. Queremos confortalos coas palabras de Xesús: “Ditosos seredes cando vos insulten e persigan...; algrádevos porque grande será a vosa recompensa, pois así perseguieron aos profetas que houbo antes de vós”.

## **A AN-PG (ASAMBLEA NACIONAL-POPULAR GALEGA) E A UPG (UNIÓN DO POBO GALEGO) ANUNCIAN A CONSTITUCIÓN DO BLOQUE NACIONAL-POPULAR GALEGO<sup>19</sup>.**

As direccións da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) e da Unión do Pobo Galego (UPG), acaban de constituir formalmente o Bloque Nacional-Popular Galego en cumplimento dos acordos do II Plenário da AN-PG e das resolucións do Cumio Central da UPG.

A constitución do Bloque Nacional-Popular Galego, responde á necesidade actual dunha alianza estratéxica inequivocamente galega e popular que asume a loita pola liberación nacional e social de Galicia, procurando a organización política e o apoio do pobo galego arredor dun programa político, económico, social e cultural que resume as aspiracións sentidas hoxe como súas polas clases populares da nosa nación.

Neste sentido, o *Bloque Nacional-Popular Galego* presentarase como tal nas próximas eleccións, considerando éstas como un medio máis de loita política no camiño da liberación nacional e social de Galicia e da conseguinte solución dos graves problemas económicos, sociás e culturás que soporta o pobo traballador galego.

Con este motivo, a UPG e a AN-PG fan un chamamento a tódolos traballadores e clases populares pedindo o seu apoio como organizacións galegas que representan e practican unha política unha política verdadeiramente galega e popular basada nos nosos dereitos e intereses, en procura do benestar e da libertade do conxunto do pobo.

---

<sup>19</sup> A AN-PG (Asamblea Nacional-Popular Galega) e a UPG (Unión do Pobo Galego) anuncian a constitución do Bloque Nacional-Popular Galego, s/d s/l, c. abril 1977, [arquivo da UPG].



## **POSICIÓN DA ING SOBRE A MANIFESTACIÓN DA AUTONOMÍA<sup>20</sup>**

A Dirección Zonal da INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA (SOG, UTEG, UTBG, UTSG, SGTM), ante a celebración o día 4 dunha “festa-manifestación” en apoio do proyecto de réximen pre-autonómico pra Galicia, presentado polos parlamentarios ao Goberno, quere clarificar a súa postura de NON PARTICIPACIÓN ante a opinión pública en xeral, i especialmente ao pobo traballador de Vigo.

A I.N.G., considera que iste acto pretende ser unha mostra de apoios a uns parlamentarios que din representar ao Pobo Galego; convén que lembremos o orixen dista pretendida “representatividade” outida nas Elecións do 15 de Xunio, xogando co “coco” do golpe fascista, sin unha amnistía laboral e política, con partidos e organizacións de masas sin legalizar –inda o están hoxe a AN-PG UPG, EIA, HASI,...--, coas centrales sindicales recentemente legalizadas, cos medios de difusión e información en poder da oligarquía, etc., etc., e sobre de todo cunha característica esencial: a situación socio-económica nun país colonizado, Galicia, e as implicacións que isto ten, total desinformación do Pobo, caciquismo e demáis.

Non se entende como uns partidos autocalificados de esquerda, e incluso de esquerda nacionalista, participan nun acto promocionado principalmente por A.P., e U.C.D., que son os que hoxe representan os intereses da oligarquía financeira e industrial, beneficiaria da explotación colonial exercida sobre Galicia, e que polo tanto non van defender a liberación real do Pobo Galego, porque isto iría en contra dos seus intereses de clase; o mesmo cabe decir de Centrales Sindicales que coa súa participación non fan más que clarificar a súa actitude ante a realidade galega, dando alternativas incorrectas, e non indo a verdadeira rais dos nosos males. Non nos esquenzamos de que son os propios parlamentarios “galegos” da U.C.D. os que están a negociar co Goberno da U.C.D. o proyecto pre-autonómico ¿cabe maior contradicción? ¿non será que o que realmente se pretende conquerir é hipotecar o futuro de Galicia? Miremos se non o recentemente celebrado Pacto da Moncloa, onde unha serie de partidos e centrales “obreras” (os mesmos da Autonomía) venderon a clase

---

<sup>20</sup> Decembro do 1977. Arquivo do autor, cedido por Fidel Diéguez Díez.

traballadora, someténdonos a un programa económico que fai recaer sobre de nós todo o peso da crisis económico capitalista na que non tivemos arte nin parte.

Pra I.N.G. o proyecto pre-autonómico non ven ser más que unhas das maniobras das clases dominantes do Estado Español, pra manter a súa privilexiada situación social e perpetuar a súa esplotación sobre da clase traballadora e sobre das nacións oprimidas do Estado Español; por tanto, é unha clara continuación do Pacto da Moncloa. Miremos a realidade galega sen prismas que nola desvíen:

--As declaracíons do Subsegredario de Industria (segundo de abordo do Ministro), nas que nega a Galicia calquera posibilidade de desenvolvemento económico, preganando alegremente incluso, ter conquerido desviar pra outras zonas do Estado inversions industriais por valor de 15.000 millóns de pesetas.

--Galicia, segun as estadísticas oficiais, é a zona onde se dan os maiores índices de inflación do Estado Español.

--A falla de postos de traballo, o paro.

--A industrialización irracional, que en moitas ocasións creou menos postos de traballo dos que destruiu. A industria de enclave que non aproveita os ciclos productivos das materias primas extraídas en Galicia, senon que se limita a ser un mero axente pra enviar fora as materias poderían ser transformadas aquí, creando postos de traballo e xenerando riqueza pro País.

--Os expedientes de crisis, regulacións de emprego e peches de empresas.

--A secular emigración que vimos padecendo de xeito que Galicia estáse a despoblar cada vez máis.

--Os salarios más baixos do Estado Español que eiquí temos.

--A inversión do aforro Galego fora de Galicia.

Realmente cabe preguntarse cómo Galicia, sendo unha Nación que dispón de tódalas fontes de riqueza precisas para xenerar un desenvolvemento industrial suficiente pra cubrir as necesidades do noso Pobo, está a sofrir tódala problemática devandita, isto é debido, a que o Pobo Galego non é realmente dono de sí mesmo, da súa Terra senon que son as clases dominantes do Estado as que están a aproveitarse dos nosos recursos, mentres o Pobo traballador

galego estamos en ínfimas condicións de vida NON NOS ENGAÑEMOS, a Autonomía non vai ser a panacea pra solución dos nosos problemas. Ante isto, ¿cal debe ser a postura de calquera traballador galego consecuente?, apoiar un proieto pre-autonómico potenciado polos nosos opresores ou defender unha alternativa clara e consecuente coa realidade galega, é decir as BASES CONSTITUCIONAIS da Nacion Galega , no marco dun Pacto Federal en pé de igoaldade antre os distintos Pobos do Estado Español; estas Bases Constitucionáis son as que verdadeiramente garantizan a auto-organización política e o auto-goberno que o Pobo Galego seña dono dos seus destiños, e a implantación dun Goberno Galego con capacidade pra desenrolar a política económica, cultural e social na Nosa Terra , en función dos intreses do Pobo Traballador. Soio diste xeito cabe decir que realmente, non estamos a loitar por hipotecar o futuro do noso Pobo a base dunha mera descentralización cultural e administrativa, senón que loitamos por rematar ca emigración, por crear postos de traballo a base dun desenrolo industrial racional, por facer a reforma agraria e pesqueira cos pés na realidade galega , pola inversión en Galicia do aforro galego, por unha sanidade e un ensino ao servicio do Pobo, por uns salarios e condicións de vida e traballo realmente dignos, pola abolición das leises antiobreiras, nunha palabra, por facer da Nosa Terra hoxe asoballada i esplotada UNHA PATRIA CEIBE DOS TRABALLADORES.

Por todo isto a I.N.G. non vai estar o día 4 ao lado dos nosos esplotadores, nin dos partidos e centrales que, lonxe de afrontar a realidade galega consecuentemente , limítanse a dar alternativas que non supoñen máis que “parches”, e polo tanto, consciente ou inconscientemente, están a colaborar pra perpetuar a esplotación que sofrimos. Si unha parte do Pobo Galego, vai estar alí, isto teñamolo todos presentes non é máis que unha mostra de que realmente o Pobo está desinformado e manexado por intreses alleos a él, de que Galicia é unha Nación colonizada.

#### **ING (SOG, UTBG, SGTM, UTSG, UTEG)**

Vigo, Nadal 1.977



## DOCUMENTO CO QUE A ING SE DARÍA A COÑECER, 1977<sup>21</sup>



por que naceu a

**ING**

Nos deradeiros anos naceron en Galicia unha chéf de sindicatos de rama (TEN, UTS, TETE, SUT, OUT, OUTS) que se separaban dos asalariados gallegos, co fin de dar unha solución da sindicalización específica dos asalariados, dende unha posición que tivera en conta a realidade colonial do NOSSO PAÍS e a necesidade de autoorganizarnos.

Conscientes da que sólo coa unidade de todos os traballadores podemos dobrar o xeito decisivo á Patronal, chamamos ás demás Centrais e organizacións sindicais de Galicia á formación dunha Central Sindicalista e Galega.

A práctica da delegación de competencias entre as distintas sindicais mostrouu que pasaron a frenar as lutas obreras e que non estaban intrazadas na unidade e autoorganización dos traballadores ou lagos.

Así é como os distintos sindicatos gallegos e antiimperialistas concorrentes do grave momento polo que está pasando a clase traballadora da Galicia decidiuunha proposta para a loita pola Central Sindical Unica e Galega, que é unha ferramenta que nos permitirá plantear os conflictos ou clamamentos dun xeito unificado.

A ING (Intersindical Nacional Galega) naceu logo de discutirem e aprobase de xeito maioritario nos distintos sindicatos ca integración. Trátase dunha confederación sindical onde os afiliados de todos os distintos sindicatos que a compoñen.

A ING nace como unha ferramenta organizativa, democrática, de clase, independente e nacional galega pra que as assembleas de rama, de empresa ou sección sexan o principal organismo decisario en calquera conflicto, nengociación ou convenio.

**INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA**

**DE CLASE anticapitalista**

-A ING, COMO ORGANIZACIÓN DOS ASALARIADOS, LOITA CONTRA DA ESPLATACIÓN CAPITALISTA BAIXO CALQUERA FORMA QUE SE MANIFESTE.

-A ING, INSERTA A SUA LOITA POLOS INTERESSES IMMEDIATOS (ECONÓMICOS, SOCIALES E CULTURAIS), NO MARCO MAIS AMPLIO DO ENFRENTAMENTO CO PODER DA BURGUESIA.

**antiimperialista**

-CONSEGUENTEMENTE COA NOSA LOITA ANTICAPITALISTA, LOITAMOS CONTRA DA ESPLATACIÓN COLONIAL QUE EXERCE O CAPITAL MONOPOLISTA ESPAÑOL SOBRE A NACION GALEGA, CONSTITUINDO POLO TANTO A LOITA ANTICOLONIAL E ANTIIMPERIALISTA PARTE FUNDAMENTAL DA NOSA ESTRATEGIA.

**internacionalista**

-PORQUE FACEMOS DA SOLIDARIDADE INTERNACIONAL PARTE FUNDAMENTAL DA NOSA PRÁCTICA.

-POR CANTO PONEMOS POR DIANTE A LOITA DO NEMIGO FUNDAMENTAL DOS ASALARIADOS: O CAPITAL.

<sup>21</sup> Arquivo do autor, cedido por Fidel Diéguez Díez.

## **EXPULSIÓN DOS PARLAMENTARIOS DO BN-PG. SENTENZA 122/1983.**

**Texto da Resolución diante do recurso de amparo presentado polos deputados nacionalistas<sup>22</sup>.**

### **Extracto:**

1. Se considera aplicable parte de la argumentación de la Sentencia 101/1983, de 18 de noviembre, en especial en lo que se refiere al «acatamiento» como objeto del juramento o promesa de los diputados electos.
2. Se reitera el criterio flexible que el Tribunal Constitucional ha adoptado respecto a los requisitos formales que requiere el recurso de amparo.
3. Las reservas internas que algunos diputados electos del Parlamento de Galicia puedan tener al cumplimentar la obligación de prestar juramento o promesa de acatar y guardar fidelidad a la Constitución y al Estatuto de Galicia como condición para adquirir la condición plena de diputado son irrelevantes para el Derecho, que no puede entrar en el ámbito del pensamiento en tanto no se manifieste en conductas externas.
4. De una interpretación sistemática del texto constitucional derivada de los principios que la inspiran y en particular del art. 9.1 (los ciudadanos y los poderes públicos están sujetos a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico) se deriva que la sujeción a la Constitución entendida como deber negativo de no actuar contra ella se aplica a todos y que esta sujeción actúa como deber positivo de obrar con arreglo a la misma, respecto a quienes son titulares de poderes públicos.
5. El principio del pluralismo político opera dentro del marco constitucional y de la debida obediencia a sus normas.
6. Las manifestaciones de la libertad ideológica que consagra el art. 16 de la Constitución han de armonizarse en su ejercicio con el necesario cumplimiento

---

<sup>22</sup> **Data de Aprobación:** 16/12/1983 **Publicación BOE:** 19840111 [«BOE» núm. 9] **Sala:** Sala Primeira: Excmos. Sres. García-Pelayo, Latorre, Díez de Velasco, Begué, Gómez-Ferrer y Escudero. **Ponente:** don Angel Latorre Segura. **Número rexistro:** 25/1983 **Recurso tipo:** Recurso de amparo.

del deber positivo inherente al cargo público de actuar en el marco constitucional, incluyendo por supuesto la posibilidad de promover su reforma por los cauces que en la Constitución se establecen.

7. La fidelidad a la Constitución y al Estatuto de Galicia pueden entenderse como el compromiso de aceptar las reglas de juego político y el orden jurídico existente en tanto existe y a no intentar su transformación por medios ilegales.

La fidelidad, en esta línea interpretativa, no entraña una prohibición de representar y de perseguir ideales políticos diversos de los encarnados en la Constitución y el Estatuto, siempre que se respeten aquellas reglas de juego; y no supone, por tanto, una renuncia a las libertades individuales consagradas por la Constitución, ni a la libre crítica del ordenamiento jurídico existente, ni de los actos políticos que se realicen, ni a la libre proposición de nuevas leyes ni a procurar la reforma de la Constitución o el Estatuto, tanto más cuanto el contenido de la actual Constitución Española es reformable, aunque el procedimiento para llevar a cabo esa reforma sea más o menos rígido según la materia y ámbito a que afecte, como lo es el Estatuto de Galicia.

8. Esa libertad de expresión está protegida por la prerrogativa de la inviolabilidad por los votos y opiniones que los miembros del Parlamento emitan en el ejercicio de su cargo (art. 11.3 del Estatuto gallego), libertad que obviamente no viene coartada por la prestación del juramento o promesa debatido.

9. De acuerdo con esta interpretación, el deber de fidelidad se confunde prácticamente con el deber de obediencia a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico que deriva del art. 9.1 de la Constitución del que arranca también el deber de acatamiento.

10. Siendo posible dos interpretaciones de un precepto, una ajustada a la Constitución y la otra no conforme a ella, debe admitirse la primera, con arreglo a un criterio hermenéutico reiteradas veces aplicado por este Tribunal.

### **Preámbulo:**

La Sala Primera del Tribunal Constitucional, compuesta por don Manuel García-Pelayo y Alonso, Presidente, y don Angel Latorre Segura, don Manuel Díez de Velasco Vallejo, doña Gloria Begué Cantón, don Rafael Gómez-Ferrer Morant y don Angel Escudero del Corral, Magistrados, ha pronunciado

EN NOMBRE DEL REY  
la siguiente

## SENTENCIA

En el recurso de amparo núm. 25/1983, formulado por don Bautista Goyel Alvarez Domínguez, don Claudio López Garrido y don Lois Diéguez Vázquez, representados por el Procurador de los Tribunales don Ignacio Aguilar Fernández y bajo la dirección del Letrado don Alejandro Otero Soto, contra resolución del Parlamento de Galicia de 23 de noviembre de 1982, que priva a los recurrentes de los derechos establecidos en los arts. 8, 9, 10 y 11 del Reglamento de dicho Parlamento. En el proceso han comparecido el Ministerio Fiscal y el Parlamento de Galicia, representado por el Procurador don Argimiro Vázquez Guillén, bajo la dirección del Letrado don Antonio Vázquez Guillén. Ha sido Ponente el Magistrado don Angel Latorre Segura, quien expresa el parecer de la Sala.

### **Antecedentes:**

#### I. Antecedentes

1. El 15 de enero de 1983 se presentó ante este Tribunal Constitucional escrito del Procurador de los Tribunales don Ignacio Aguilar Fernández en nombre y representación de don Bautista Goyel Alvarez, don Claudio López Garrido y don Lois Diéguez Vázquez, por el que se interpone recurso de amparo contra la resolución del Parlamento de Galicia, de fecha 23 de noviembre de 1982, por la que quitan y privan a los recurrentes de los derechos reglamentarios establecidos en los arts. 8, 9, 10 y 11 del Reglamento del Parlamento de Galicia hasta que presten la promesa o juramento de acatar y guardar fidelidad a la Constitución y al Estatuto de Galicia. La demanda centra su argumentación en que si bien el deber jurídico de respetar y obedecer las Leyes obliga a todos, tal principio tiene únicamente aplicación en el fuero externo, en el comportamiento positivo y público, pero no interiormente, en el ámbito de la conciencia. Señala que se da una desigualdad contraria al art. 14 de la Constitución por el hecho de que unos diputados que prestan el juramento o promesa citados con reserva

